

Mariñeiros matriculados e pescadores de Santa María de Baiona na metade do século XVIII

MANUEL L. CALDAS FERNÁNDEZ

Ademais da bibliografía citada nas notas, para realizar este traballo manexei dous tipos de fontes históricas, consultadas no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra: o Catastro de Ensenada e a documentación de Protocolos Notariais. O Catastro foi elaborado pola “Real Hacienda” para coñecer a riqueza da Coroa de Castela e establecer unha “nueva contribución” que substituíra ás antigas “rentas provinciales”, e constitúe unha fonte indispensable para estudar múltiples aspectos demográficos e socioeconómicos desta época. Pola súa parte, a documentación notarial, aínda que irregular e problemática ás veces, é moi interesante pola súa variedade e riqueza. Os datos de Protocolos proceden todos dos escribáns que realizaron o seu traballo durante o decenio 1750-1760 na parroquia de Santa María de Baiona (Baiona vila)¹; unha das tres parroquias que antes da “nueva planta” de 1836 configuraban a xurisdicción de Baiona².

Antes do século XIX, ou como moito antes dos derradeiros anos do XVIII, a actividade pesqueira non comezou a ter un peso en verdade significativo na estrutura socioeconómica total dunha Galicia que Pegerto Saavedra afirma que podería definirse como “un país de labregos e rentistas”³. Na súa tese sobre a península do Salnés⁴, Pérez García sinala, por exemplo, que durante o XVIII era reducida a actividade pesqueira en Sanxenxo, Portonovo, O Grove e, en xeral, toda a bisbarra. Non debe isto enganarnos, sen embargo, sobre a súa importancia relativa dentro do espazo peninsular, pois a pesar do dito, Galicia, e sobre todo as Rías Baixas, era o espazo “privilegiado de la pesca española en el XVIII”, en opinión de Fernández Díaz e Martínez Shaw⁵.

Ao respecto da importancia que a pesca posuía daquela no noso país, cómpre recordar que na dieta dos galegos o peixe tiña unha limitada presenza, e que poucos privilexiados coma os monxes de San Clodio de Leiro mercaban con regularidade congro, ollomol, salmón ou lamprea. Só nas parroquias do litoral, e algo nas comarcas vitícolas e poboacións urbanas, se consumía peixe en certa cantidade. O peixe é un artigo moi perecedeiro que tiña practicamente imposible rebasar o autoconsumo local e inmediato se non fora pola transformación do produto que facían as mulleres das familias mariñeiras. Durante a época de pesca da sardiña, que era




Traité général des pesches. Paris, 1769.

con moito a especie dominante na pesca galega durante a Idade Moderna e que estaba estrictamente regulada polos gremios de mareantes, as mulleres lavaban, descazaban, evisceraban e salgaban unha a unha as sardiñas nas casas ou na mesma ribeira: era a técnica de salgado denominada “escochado”. Pero aínda así, para case todos, consumir calquera peixe máis aló dunhas sardiñas era un luxo; e por iso un tecedor de Tui, Pedro dos Santos, sería quen de recordar con precisión que un 20 de marzo de 1791, con 28 anos de idade, puido comer por primeira vez lamprea⁶.

Foi dende o momento no que a pesca galega comezou a transformarse nunha actividade industrial –coa chegada dos empresarios cataláns que introducen novas artes, abren novos mercados e comezan a instalación de fábricas conserveiras⁷– cando se produce o cambio. E, tamén, cando aumentan os estudos, ata entón moi escasos, sobre uns pescadores galegos que, se xa dende o século XVII “(...) se transformaron en los más miserables individuos de la nación (...) sumergidos en la miseria, sin créditos, sin recursos y sin auxilios”⁸, no XVIII comprobaron como os empresarios capitalistas alteraron os mecanismos de reparto da riqueza pesqueira, acaparándoa cada vez máis ata dominala por completo, ao tempo que convertían a eses mariñeiros en asalariados do mar⁹. De todas formas non debemos esquecer que xa antes da penetración dos fomentadores cataláns existía en Galicia, en opinión de Carmona Badía¹⁰, un mundo marítimo complexo, con mercados extrarrexionais e mecanismos elaborados de financiación.

En 1753 había na vila de Baiona –segundo aparecen consignados no Catastro¹¹– 28 grupos profesionais, que agrupaban un total de 242 veciños, entre os que os máis abundantes eran os 81 “marineros matriculados y pescadores”¹². Posto que uns e outros aparecen indiferenciados nos rexistros, facer unha avaliación numérica de cada grupo esixiría un labor complexo que está por facer; pero, como orientación, Fernández Díaz e Martínez Shaw establecen para Galicia un multiplicador de 3.57 pescadores por barco. Tamén hai que ter en conta que a Matrícula era moi impopular na costa e sempre que se podía se burlaba.

Xunto a mariñeiros e pescadores destacan os 17 “labradores”, os 45 “particulares sin oficio”, que incluían a “particulares con tienda y traficantes”, e os 26 “militares ymbáldos”. Dos 81 mariñeiros matriculados dous non estaban en exercicio: un,




Traité général des pesches. Paris, 1769.

pola súa idade (80 anos), e outro porque seica non tiña necesidade económica de facelo: é o caso de Francisco Barrera, que intervén entre 1750 e 1760 en moitas escrituras comprando terras e casas, concedendo préstamos ou cobrando rendas, e mentres que ata 1753 aparece sen o tratamento de “don”, dende ese ano xa se lle dá o tratamento diferencial¹³. Polo tanto, había 79 unidades familiares –cun total de 320 persoas– co mar como actividade económica principal, o cal confería aos mareantes un peso significativo na composición da estrutura profesional da vila. Tres anos antes, en 1750, Ribadeo tiña 68 mareantes en activo e Foz tiña 47¹⁴. Vexamos que nos din as fontes sobre o seu nivel económico.

Os ingresos que as actividades no mar proporcionaban a estes matriculados non eran elevados, pois a utilidade anual que o Catastro lles considera (180 reais de vellón) é a máis baixa de todas as profesións rexistradas. Para facérmonos unha idea máis aproximada mediante a comparación cos ingresos dos labregos, temos que recordar que na provincia de Tui, cara a 1750, o valor monetarizado da produción de 1 hectárea de labradío era de 418 reais (o rendemento máis alto de todas as provincias galegas); se ben en Tui o promedio das explotacións a penas chegaba ás 0.56 Ha/veciño. Por isto, bastantes familias de pescadores aparecen completando os seus ingresos co traballo feminino, cos 110 reais que o Catastro estima como utilidade para as mulleres que exercían de costureiras, calceteiras (tecidos de punto) ou palilleiras (encaixe).

Barcos de pesca había rexistrados dez¹⁵, todos de individuos distintos e un deles propiedade de dúas persoas. Destes barcos, oito eran de tres bancos e 46 quintais de porte (pouco máis de 2.000 quilos); outro era de tres bancos e 40 quintais, e o outro era unha dorna de dous bancos e 16 quintais. Pero, sen dúbida, habería moitas pequenas lanchas non documentadas. Eran barcos pequenos, e tal vez esa razón poida explicar por que os 180 reais de utilidade que se lles considera quedan lonxe dos 400 dos mareantes de San Cibrán ou dos 500 dos de Bares¹⁶: as embarcacións dos portos cantábricos eran máis grandes –de 60 quintais ou máis– e permitirían aos seus propietarios desenvolver tamén unha actividade comercial mediante navegación de cabotaxe.


Aproximadamente a metade dos matriculados son propietarios da casa que habitan, mentres que a outra metade paga foro por ela, sobre todo á Colexiata, que parece ser dona de gran número de inmobles urbanos. Ademais, e aínda que algún dos moitos mareantes que aparecen nos documentos sen propiedade raíz ningunha dixera dunha pequena horta non catastrada, o cultivo de terras tampouco pasaría de ser unha axuda á economía doméstica, pois a persoa que dispón dunha maior extensión de terra, sumando seis parcelas das que catro leva en foro, a penas alcanza os nove ferrados.



Traité général des pesches. Paris, 1769.

Polo que respecta aos bens mobles, os testamentos case nunca aportan relacións pormenorizadas dos bens que se legan aos beneficiarios, empregándose fórmulas máis ou menos vagas que contrastan coa minuciosidade coa que se describe a parte relativa ao enterro e obrigas para coa súa alma e para coa Igrexa: que “sea amortajado en sávana limpia de lienzo; sea enterrado en la iglesia parroquial de San Pedro de Filgueira en La Ramallosa; que en cada término se den por mi alma cinco misas, y que se dé de ofrenda tres reales de vellón; que se den misas a la Virgen del Carmen, Santísimo Sacramento y Ánimas del Purgatorio; que se diga una misa con mi cuerpo insepulto a San Pedro González Thelmo en su altar privilegiado de la ciudad de Tui; etc.”¹⁷. Pero hai un caso no que si se fai unha relación de bens mobles; obxectos de uso cotiá na meirande parte, que corresponden a enxovais de voda: é o testamento de Domingo Franco, mareante, viúvo dúas veces e casado en tres ocasións, quen di en 1751 que a súa segunda esposa “trajo a mi poder (...) dos arcas, una de porte de cinco ferrados y otra de once, un bufete viejo, dos vasijas, un caldero de cobre, una manta de Buriel, una sávana, un jergón y una almohada de estopa”; e a terceira esposa “trajo a mi poder (...) un arca de cinco ferrados de llevar, una cama de ropa, cuatro servilletas, una mesa de manteles, dos docenas de calceta ordinaria, siete ducados en dinero y otros nueve de la misma moneda que proceden de una casa que vendió en Velesar (sic), un pote de hierro, una (...), una sartén, una porción de loza blanca y de color, y otros trastos menudos”¹⁸.

Outra cuestión interesante é a que se refire ao seu grao de endebedamento. O número de mariñeiros/pescadores que no momento de realizarse o Catastro estaban a pagar intereses por un censo era de 16 (do total de 81), e as cantidades prestadas non son en ningún caso excesivamente elevadas; pero nalgunhas familias as dificultades poderían ser grandes: nos Protocolos aparecen vendas –normalmente de casas, pero non só– para pagar rendas atrasadas que se foran acumulando. Nestas ocasións axústase o prezo de venda a unha cantidade debida por un préstamo,



Traité général des pesches. Paris, 1769.

por moito que sempre se insista en que se trata do seu “justo y verdadero precio” e de que “no vale más ni puede valer”. Temos disto bastantes exemplos ao respecto, como poden ser os de Jazinto de la Torre, Diego Freire ou Pedro Alonso. O primeiro, “del gremio de la mar, y su madre, venden a Gregorio Antonio Suárez de Puga, escribano de número de la villa de Baiona, una casa alta que tienen en la plaza vieja, deshabitada y ruinosa, con carga y pensión anual de 18 reales y 5 maravedís de vellón, réditos de censo a D. Manuel de Araujo, presbítero ausente en Indias, y con 5 reales de vellón de pensión perpetua a la Colegiata”. O principal de ditas pensións supón 825 reais de vellón, e os atrasos que se adebedan “de algunos años”, importan 678 reais e 20 maravedís. Para pagar os atrasos venden a casa no prezo de 1275 reais de vellón. Ao segundo e á súa muller cómpralles media casa Benito de Ocampo (a outra media casa xa era do comprador) polo prezo de 1.115 reais de vellón “que los vendedores confiesan haber recibido antes de ahora”. No terceiro caso, Pedro Alonso, a súa muller e a súa cuñada, venden a D. Baltasar de la Thorre, racioneiro da Colexiata, unha casa terreña polo prezo de 44 ducados de moeda de vellón “que dichos otorgantes confesaron haber recibido antes de ahora”¹⁹.

Os beneficiarios destas operacións de préstamo son institucións relixiosas –sinaladamente o Convento de Relixiosas, que cobra intereses por oito censos-, escribáns, racioneiros, presbíteros, e tamén outros mariñeiros e pescadores²⁰.

A situación económica do grupo de mareantes debeuse ver agravada a partir do establecemento da citada “Matrícula del Mar”, que obrigaba aos agremiados ao servizo nos buques de guerra. Debido a que o servizo na Armada impedía exercer durante tempo as actividades económicas normais, dáselles, en contrapartida, un monopolio de pesca –que, en opinión de Lucas Labrada, non supuña ningunha melloría ao non dispoñer os pescadores dos medios económicos necesarios para beneficiarse del– e unha paga que chegaba aos matriculados con bastantes atrancos²¹.

Ás veces chegaban a acumularse cantidades moi importantes²², pois os atrasos no cobro de haberes parecen ser norma máis que excepción, e non afectaban unicamente á mariñería²³. Moi probablemente foi este empeoramento no seu nivel de vida un dos motivos que estimularon o forte proceso emigratorio das bisbarras da Galicia occidental que poñen de manifesto os documentos dende mediados do século XVIII. Segundo P. Saavedra cara a 1750 das freguesias do Salnés e do Morrazo un de cada tres mozos saía do seu país para varios anos ou para sempre.

En resumo, o panorama que esta documentación ofrece é o dun grupo homoxéneo con escasas diferencias na súa forma de vida; con serias dificultades económicas; con tendencia a “herdar” o oficio e cun forte carácter endogámico. Aparecen os mariñeiros nos rexistros oficiais só para o inevitable (compravenda e testamentos)²⁴, pero moitos aspectos das súas relacións sociais quedarían á marxe dos poderes públicos.

NOTAS

- 1 Escrituras nas que aparecen mariñeiros matriculados e pescadores hai de 7 escribáns: Aguiar y Figueroa, Juan A.; González, Diego; Oliveira, Domingo A.; Ordóñez, José A.; Román, Benito A.; Velo y Collazo, Alberto; Zúñiga, Gregorio A.
- 2 Fariña Jamardo, Xosé: *O nacemento dos Axuntamentos da Provincia de Pontevedra*. Ed. Excm. Deputación Provincial, 1987
- 3 Saavedra, Pegerto: *A vida cotiá na Galicia do Antigo Réxime*.
- 4 Pérez García, José Manuel: *Un modelo de sociedade rural de Antigo Réxime en la Galicia costera: la Península del Salnés*. U.S.C., 1979.
- 5 Fernández Díaz, R.; Martínez Shaw, C.: *La pesca en la España del siglo XVIII. Una aproximación cuantitativa (1758-1765)*. Revista de Historia Económica . II, 3, 1984.
- 6 Álvarez Blázquez, J.Mª: recollido en Saavedra, P.: Op. cit.
- 7 Nas artes, as máis problemáticas foron as novas redes de arrastre (xábega e boliche), que se distinguían das tradicionais no tamaño e distribución e grosor das mallas, e que foron substituíndo, aínda que con lentitude, a artes “antigas” coma o xeito. Polo que atinxe aos mercados, os cataláns establecen un círculo no que levan ao Mediterráneo sardiña salgada e traen a Galicia viño e augardente.
- 8 Labrada, Lucas: *Descripción económica del Reino de Galicia*. Ed. Galaxia, 1972 orixinal de 1804.
- 9 Pérez García: op. cit. 1979.
- 10 Carmona Badía, Joam: *El atraso industrial de Galicia*. Ed. Ariel, 1990.
- 11 A.H.P.: Catastro, L.P.L., c-563
- 12 A Matrícula era “el registro del conjunto de la población dedicada a actividades relacionadas con el mar (navegantes: marinos y pescadores; constructores: carpinteros de ribera y calafates), con el fin de tener disponibles tripulaciones y equipos técnicos al ritmo de las necesidades de la Armada.”. Fernández Díaz e Martínez Shaw: op. cit. 1984.

- 13 O ascenso socioeconómico de Francisco Barrera, que aparece no Libro Personal de Legos como <inactivo>, estaría ligado ao desempeño do cargo de administrador, polo menos entre 1751 e 1754, da Obra Pía de los Coroneles, fundada por Gerónimo Coronel e Leonor Pereira.
- 14 Meijide Pardo, A.: *Economía marítima de la Galicia cantábrica*. Valladolid, 1971.
- 15 A.H.P.: Catastro, L.R.G., c-557. Segundo datos de Fernández Díaz e Martínez Shaw. Galicia tiña un total de 1798; pero para que a cifra adquira maior significado habería que indicar o tamaño dos barcos: como exemplo, O Grove tiña arredor de 90 barcos, pero segundo Pérez García trataríase en case todos os casos de dornas pequenas ou “polbeiras”.
- 16 Meijide Pardo, A.: op. cit.
- 17 Dispón Domingo Fernández no seu testamento. A.H.P., Fondo Protocolos, José A. Ordóñez, 1760 (CA 2627).
- 18 A.H.P., Fondo Protocolos, Benito A. Román Fernández, 1751 (CA 2808). Hai un testamento de 1755 que aparenta ser do mesmo Domingo Franco, no que se especifican os bens que aportou a súa terceira esposa, pero o listado é diferente, co que queda a dúbida sobre se será a mesma persoa. Neste caso, a relación é como segue: “tres arcas, una de porte de diez ferrados y las otras dos de cinco cada una, un pote de hierro colado, una sartén de cobre, una caldera del mismo género que llega a amasar ferrado y medio de pan, un bufete raso, una cama de ropa que se compone de lecho, jergón, una manta, dos sábanas, cuatro servilletas y una mesa de manteles, dos docenas de platos y fuentes fábrica del reino de Portugal y del de Andalucía, una docena de calcetas de valor de 36 reales, una tina de barro, una (...) y otra de amasar pan, que todo ello se debe reintegrar a la dicha como suyo propio”.
- 19 A.H.P., Fondo Protocolos, Gregorio A. De Zúñiga, 1759 (CA 2995).
A.H.P., Fondo Protocolos, Juan Aguiar y Figueroa, 1750 (CA 2001).
A.H.P., Fondo Protocolos, Alberto Velo y Collazo, 1750 (CA 2962).
- 20 Miguel González de Lira vende a Juan Antonio de Avilés de Portonovo, unha lancha “con todas sus velas, remos, cables, anclas y más pertrechos: navegable, sana de quilla y costado, libre de toda carga y obligación”, por 200 reales de vellón “que el mismo vendedor confesó haber recibido antes”. A.H.P., Fondo Protocolos, Alberto Velo y Collazo, 1751 (CA 2962).
- 21 Julián Ramos e Joseph Lameiro otorgan poder a Manuel Pérez, residente en Cádiz e natural de Baiona, para que cobre no seus nomes “seis pagas de sueldo” por servicio na escuadra de D. Francisco Liaño: Julián con praza de mariñeiro e Joseph con praza de artilleiro. A.H.P., Fondo Protocolos, Alberto Velo y Collazo, 1750 (CA 2962).
- 22 Hai, por exemplo, un caso no que se trata de 753 reales e 2 maravedís de vellón, cando Domingo Gómez Mairés vende por pouco máis (930 reales de vellón) a súa lancha de 40 quintais de porte “poco más o menos” a un mareante de Cangas “con todas sus velas, remos, anclas, cables y más pertrechos, que está navegable y sana de quilla y costado, libre de toda carga y obligación”. A.H.P., Fondo Protocolos, Alberto Velo y Collazo, 1753 (CA 2963).
- 23 Un Tenente do Rexemento de Flandes dispuña no seu testamento que se distribuísen en misas e sufraxios pola súa alma os 3159 reales e 25 maravedís de vellón que se lle adbedaban por haberes atrasados do reinado de Felipe V.
- 24 En total, o número de escrituras con participación de matriculados é de 38 para estes dez anos: 21 de compra-venda (casas, terras e barcos); 9 con disposicións testamentarias; 6 para outorgar poderes; 1 para formalizar un censo; 1 de “apartamento de querrela” convenido entre dous irmáns tras o enfrontamento verbal (“palabras injuriosas”) entre un deles e a súa cuñada.

